

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE CONTROL
DO PLAN PENSIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Xerenta

Yolanda Trinidad Lesmes Romero
(Escusou a súa ausencia)

Vicexerenta de Recursos
Humanos

María Noemí Sirera Diéguez

Vicexerenta de Economía e
Asuntos Xerais

María del Carmen Sánchez Barreiro

Xefe da Sección de Retribucións
e Seguros Sociais

Manuel Valebona Refojos

PARTÍCIPEs

María Montero Muñoz

Luis J. Olivares Requejo

Miguel González Loureiro
(Escusou a súa ausencia)

Pedro González Santamaría
(Non asiste)

Vacante (Cándido Pérez Betanzos)

Acta da reunión da Comisión de Control do Plan de Pensións da Universidade de Vigo, celebrada o día **1 de decembro de 2025**, ás 10:00 horas, na sala de reunións do 2º andar do edificio Exeria (Xerencia), coa asistencia das persoas que se citan ao marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Proposta de nomeamento de actuario para a realización do informe de revisión financeiro actuarial do plan para os exercicios 2023-2025
2. Proposta de actualización do regulamento interno do plan de pensións: xubilación parcial e cláusula de protección de datos.
3. Evolución do plan e do fondo de pensións.
4. Rogos e preguntas.
5. Lectura e aprobación da acta.

A esta reunión asiste don José Manuel Nogueira Durán, como responsable de Abanca institucional, e don Jesús De Juana de la Salud, como coordinador de Seguros de aforro e previsión de Abanca Seguros.



1. Proposta de nomeamento de actuario para a realización do informe de revisión financeiro actuarial do plan para os exercicios 2023-2025

O representante da entidade xestora informa aos membros da comisión de control que o artigo 23 do Regulamento Xeral de Plans e Fondos de Pensións establece a obriga de realizar unha revisión financeiro actuarial dos plans de pensións do sistema de emprego cada tres anos para os plans de prestación definida, mixtos e achega definida. No caso dos plans de achega definida (como é o da Universidade) é obrigatoria esta revisión no caso no que o patrimonio do fondo de pensións ao que se adscribe teña un patrimonio superior aos vinte millóns de euros. Esta revisión pódese facer a nivel do plan ou a nivel de todos os plans que integren o fondo de pensións.

A Entidade Xestora contactou coas empresas de actuaría Gesinca, CPPS, Deloitte e KPMG. Gesinca presentou presuposto por valor de 4.250€ máis IVE. As outras consultoras declinaron presentar oferta de forma individualizada por plan.

A Comisión de Control aproba o presuposto presentado e nomea a Gesinca a realización do informe de revisión financeiro actuarial do plan para os exercicios 2023 a 2025.

2. Proposta de actualización do regulamento interno do plan de pensións: xubilación parcial e cláusula de protección de datos.

A Entidade Xestora presenta a proposta de actualización do artigo 25 “Continxencias cubertas polo plan” para adaptar o parágrafo relativo á xubilación parcial ás novas modificacións do Regulamento de Plans e Fondos de Pensións (RD 1086/2024).

Asemade, a Entidade Xestora propón a nova redacción da cláusula de protección de datos que, en aplicación da normativa de privacidade, aplica a Entidade Xestora aos plans e fondos de pensións que xestiona. Esta redacción substitúe a actual cláusula recollida no regulamento do plan ao final do seu contido.

Luis Olivares di que no ano 2024 houbo unha modificación normativa que permitiría o traspaso do plan sen necesidade de que se dea o cese efectivo na Universidade.

Miguel González Loureiro enviou un correo antes da reunión escusando a súa ausencia por motivos de saúde. Ademais, no seu correo propón varios cambios nos artigos 14, 15.6.g), 25 e 35 do regulamento para que sexan tidos en conta.

O representante da Entidade Xestora propón estudar polo miúdo as aportación feitas no día de hoxe polos partícipes e informar á Comisión para a súa aprobación definitiva.



A Comisión de Control acorda adiar a aprobación da modificación do regulamento, tanto no que se refire á proposta feita pola Entidade Xestora, como á consulta de Luis Olivares e á proposta de Miguel González Loureiro, para a próxima reunión da comisión.

3. Evolución do plan e do fondo de pensións.

O representante da Entidade Xestora pasa a comentar os principais aspectos da composición actual da carteira do fondo de pensións ABANCA Empleo. Inicia a súa exposición comentando os escenarios macroeconómicos que se esperan para o ano 2026 onde destaca, con maior probabilidade, unha situación estable de crecemento moderado. Este escenario apóiase nunha estimación de certa “calma” nas políticas arancelarias de Estados Unidos e control da inflación, mantemento da polarización nos tres polos económicos mundiais (Estados Unidos, China e Unión Europea) e unha política monetaria decidida a protexer o crecemento fronte ao impacto arancelario.

En relación ao fondo de pensións, a principal novidade e o aumento na exposición á renda variable (19,71%) e activos “*high yield*” (7,82%) moi controlados para contrarrestar a menor rendibilidade da carteira de renda fixa (68,36%) derivada das últimas baixadas nos tipos de xuro decididas polos Bancos Centrais (BCE e Reserva Federal). Este lixeiro incremento neses activos, aprobados na última comisión do fondo de pensións (abril) están a permitir a obtención de mellores rendibilidades sen aumentar o nivel de risco da carteira e, polo tanto, das e dos partícipes do plan de pensións.

En relación a outros activos, existe un 2% investido en materias primas, ouro, que permite ter un soporte fronte a potenciais baixadas nos tipos de xuro. Por último, informase da duración media da carteira (2,55 anos), calificación crediticia media (A+) e rendibilidade implícita media dos activos de renda fixa (2,83%).

A distribución por sectores nos investimentos en renda variable está moi diversificada, perseguindo una correcta “colocación” de activos en empresas de alta capitalización e ingresos operativos recorrentes.

O patrimonio do fondo incrementouse no que levamos de ano un 2,42% e acadando un total de 83,4 millóns de euros.

Ao nivel de cumprimento en materia ASG (ambiental, sostibilidade e Goberno) o fondo ten a obriga de investir máis do 70% en activos con inclusión de riscos ASG. Ao peche de outubro este cumprimento en inclusión de riscos ASG está nun 90% e, mellorando a obriga nesta materia imposta pola política de investimento do fondo, acádase un 79% en promoción de características ASG e un 6,54% en obxectivos ASG.



Por último, en relación ao plan de pensión, acada a peche de outubro unha rendibilidade do 5,03% e o que se espera ata final de ano é unha rendibilidade entre o 4,50% e 5,50%. O patrimonio do plan incrementouse nun 5,53% ao longo do ano 2025 acadando un volume de 17,45 millóns de euros.

4. Rogos e preguntas.

María Montero solicita, se fose posible, que se faga unha proxección da situación do plan de pensión a cinco e dez anos.

A Entidade Xestora propón realizar xornadas informativas nos tres campus en relación ao plan de pensións para a súa dinamización.

5. Lectura e aprobación da acta.

Danse uns minutos para redacción e repaso da acta que, finalmente, queda aprobada por unanimidade.

E sen máis asuntos que tratar, dáse por concluída esta reunión ás 11:30 horas.

O Presidente,
Manuel Joaquín Reigosa Roger

O secretario,
Manuel Valebona Refojos

